

Aristóteles. Textos Ética. Virtude.

- 1) ¿Como explicarías coas túas palabras o significado grego de *virtude* (*areté*)?, ¿que sería o contrario da virtude?, ¿con que nome se podería designar?
- 2) ¿Cal é a relación entre a ética e a virtude?, ¿por que di Aristóteles que o tratado ético que escribe *non é teórico*?, ¿a que se refire? Se a ética non é unha disciplina teórica, ¿que clase de saber é?, ¿por que?
- 3) Segundo Aristóteles, ¿a virtude é algo innato co que se nace? Neste punto ¿coincidiría con Platón? Xustifica a resposta.
- 4) ¿A virtude pódese mellorar ou perfeccionar?, ¿de que xeito? Explica os exemplos que pon o autor para ilustrar esta cuestión. Traslada eses exemplos ao campo da ética: ¿Como nos convertemos en homes xustos?, en xeral, ¿como nos facemos persoas virtuosas?
- 5) ¿Aristóteles estaría absolutamente de acordo co intelectualismo moral de Sócrates? ¿É suficiente con saber o que é a xustiza para ser xusto?, ¿a virtude depende exclusivamente do intelecto? Razona a resposta.
- 6) Explica a teoría aristotélica do *termo medio*. ¿Que significa que a virtude é “*unha especie de medianía*”? ¿Que papel xoga a razón ou o intelecto en relación á virtude como termo medio?